




Centro municipal de formación. Concello de Tui  
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui  
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



## **AXUDAS - SUBVENCÍONS- FORMACIÓN – BECAS (PUBLICADAS NOS BOLETÍNS OFICIAIS)**



**SEMANA do 31 de DECEMBRO ao 6 de XANEIRO 2019**

Luns, 31 de decembro de 2018

**Axudas nacemento de fillos/as** ORDE do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta benvida, para as familias con fillas e fillos nados ou adoptados/as no ano 2019 e se procede á súa convocatoria.

[DOGA](#)

Mércores, 2 de xaneiro de 2019

**Axudas organizacións veciñanza, augas e mulleres** ORDE do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2019, en réxime de concorrència non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

[DOGA](#)

**Axudas vítimas violencia xénero** RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

[DOGA](#)

**Axudas vítimas violencia xénero** RESOLUCIÓN do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.


[DOGA](#)

**Axudas Erasmus** ORDE do 27 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, para o alumnado do Sistema universitario de Galicia que participa en Erasmus Estudos no curso 2018/19.

[DOGA](#)



Centro municipal de formación. Concello de Tui  
Alvelos, 1. A Gándara. Guillarei. 36720 Tui  
Tel.: 986.603949 Fax: 986.601859 E-e:cfo@concellotui.org



Xoves, 3 de xaneiro de 2019

**Axudas vítimas violencia xénero** RESOLUCIÓN do 2 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2019 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

[DOGA](#)

Venres, 4 de xaneiro de 2019

**Axudas aluguer vivendas** ORDE do 20 de decembro de 2018 pola que se modifica a Orde do 14 de marzo de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa Rehaluga, dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación ao Programa de vivendas baleiras, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

[DOGA](#)

**Axudas rehabilitación e aluguer vivendas** ORDE do 20 de decembro de 2018 pola que se modifica a Orde do 26 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

[DOGA](#)

**Indemnización por sacrificio de animais** ORDE do 13 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das súas enfermidades, e se convocan para o ano 2019.

[DOGA](#)

**Axudas creación empresas non agrícolas** RESOLUCIÓN do 21 de decembro de 2018 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan en réxime de concorrencia competitiva (Galicia rural emprende).

[DOGA](#)